

MAREMA GNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro autista

CG n° 18 - 2014

ANSIEDADE, ACOSO E INCLUSIÓN NAS PERSOAS CON AUTISMO



ANSIEDADE, ACOSO E INCLUSIÓN NAS PERSOAS
CON AUTISMO

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 18. Ano 2014

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

cjimenez@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Emma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Manuel Ojea Rúa

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Felicia Estévez Salazar

Andrea Villarino Rúa

Ilustración portada

Álvaro de la Vega

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

ANSIEDADE, ACOSO E INCLUSIÓN NAS PERSOAS CON AUTISMO

11

PERCEPCIÓN DE ACOSO ENTRE IGUAIS NOS CENTROS EDUCATIVOS
POR ESTUDANTES CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Manuel Ojea Rúa, Paula Carreiro Prieto

31

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNIVERSITARIA PARA A ATENCIÓN AOS
ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE RECOÑECIDA COMO
“SÍNDROME DE ASPERGER”

M. López Sinoga, C. Senín Calderón, D. Mestre Flores, E. Marchena Consejero

37

O ENSINO DE HABILIDADES EMOCIONAIS E SOCIAIS A ALUMNADO CON
TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA EN EDUCACIÓN PRIMARIA:
UNHA EXPERIENCIA NA REXIÓN DE MURCIA

Josefina Lozano Martínez, Irina Sherezade Castillo Reche

47

A INTERVENCIÓN PRECOZ NAS PERTURBACIÓNS DO ESPECTRO
DO AUTISMO EN PORTUGAL

Helena Isabel da Silva Reis, Ana Paula Silva Pereira, Leandro da Silva Almeida

57
DESCENDER AOS INFERNOS

Carmen Molina

65
MAREMAGNUM: UNHA REVISTA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL

Cipriano Luis Jiménez Casas, Andrea Villarino Rúa

73
PATRIARCADO E AUTORITARISMO

Teresa Barro

79
CANDO NACEN AS ESTRELAS

Agustín Fernández Paz

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

91
Editorial

ANSIEDAD, ACOSO E INCLUSIÓN EN LAS PERSONAS CON AUTISMO

95
PERCEPCIÓN DE ACOSO ENTRE IGUALES EN LOS CENTROS
EDUCATIVOS POR ESTUDIANTES CON TRASTORNO DEL ESPECTRO
AUTISTA

Manuel Ojea Rúa, Paula Carreiro Prieto

115
PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNIVERSITARIA PARA LA ATENCIÓN A LOS
ESTUDIANTES CON DISCAPACIDAD RECONOCIDA COMO
“SÍNDROME DE ASPERGER”

M. López Sinoga, C. Senín Calderón, D. Mestre Flores, E. Marchena Consejero

121

LA ENSEÑANZA DE HABILIDADES EMOCIONALES Y SOCIALES A
ALUMNADO CON TRASTORNO DEL ESPECTRO AUTISTA EN EDUCACIÓN
PRIMARIA: UNA EXPERIENCIA EN LA REGIÓN DE MURCIA

Josefina Lozano Martínez, Irina Sherezade Castillo Reche

131

LA INTERVENCIÓN TEMPRANA EN LOS TRASTORNOS DEL ESPECTRO
DEL AUTISMO EN PORTUGAL

Helena Isabel da Silva Reis, Ana Paula Silva Pereira, Leandro da Silva Almeida

141

DESCENDER A LOS INFIERNOS

Carmen Molina

149

MAREMAGNUM: UNA REVISTA PARA LA INCLUSIÓN SOCIAL

Cipriano Luis Jiménez Casas, Andrea Villarino Rúa

157

PATRIARCADO Y AUTORITARISMO

Teresa Barro

163

CUANDO NACEN LAS ESTRELLAS

Agustín Fernández Paz

CANDO NACEN AS ESTRELAS

Agustín Fernández Paz¹

Escritor

O MEU PAI tocaba a trompeta na orquestra Mato, que algúns anos despois cambiou de nome e pasou a chamarse Novos Aires. Velaquí está na fotografía, a carón dos outros seis músicos do grupo, enfrontándose con afouteza á ollada da cámara, dispostos a actuar coma se na vida non houbera nada máis importante.

¹ O autor (Vilalba, 1947) é un dos escritores máis coñecidos e valorados no ámbito da literatura infantil e xuvenil, en Galicia e no conxunto de España. É autor de máis de corenta e cinco títulos dirixidos preferentemente a lectores infantís ou xuvenís. Os seus libros, escritos en galego, tradúcense habitualmente ás outras linguas españolas: castelán, catalán e eusquera. Tamén ten diversos títulos traducidos ao portugués, coreano, francés, árabe e italiano.

Ademais de perito industrial mecánico, Agustín Fernández Paz é mestre e licenciado en Ciencias da Educación. Traballou como docente durante máis de trinta anos, nos distintos niveis do ensino primario e secundario. Ademais desta dedicación á docencia, desenvolveu unha ampla actividade teórica e divulgativa, centrada en temas como a promoción da lectura, a introdución dos medios de comunicación na aula, a didáctica da lingua ou a normalización da lingua galega nos ámbitos escolar e social. Tamén tivo un papel relevante na elaboración de materiais didácticos de lingua e literatura (un dos textos nos que participou, Canles 5, obtivo o Premio Nacional “Emilia Pardo Bazán” para libros de texto non sexistas). Os seus libros obtiveron numerosos premios, tanto no ámbito galego coma no español (Merlín, Lazarillo, Edebé Xuvenil, O Barco de Vapor, Protagonista Jove, Edebé Infantil, Rañolas, Raíña Lupa, Martiño Sarmiento, Xosé Neira Vilas...). Foi recoñecido dúas veces como o mellor autor do ano (no 2004, pola Federación de Libreiros de Galicia; no 2007, pola Asociación Galega de Editores). Tamén recibiu en dúas ocasións o premio ao mellor libro de LIX do ano, que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega. O seu libro *O único que queda é o amor* obtivo en 2008 o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil que concede o Ministerio de Cultura de España. Outras obras súas foran finalistas deste mesmo premio en anos anteriores.

No ámbito internacional salientan as catro designacións, promovidas pola OEPLI, ao Astrid Lindgren Memorial Award, nos anos 2008, 2009, 2010 e 2013. O libro *O único que queda é o amor* foi incluído na IBBY Honour List en 2010, como ocorrera tamén con *Contos por palabras* en 1992 e con *Aire negro* en 2002. Esta última novela, *Aire negro*, foi incluída así mesmo no Catálogo White Ravens da International Youth Library de Múnic en 2001, un recoñecemento que tamén acadou *O meu nome é Skywalker* en 2004.

O neno que permanece sentado nas escaleiras do palco son eu; ou era eu, nun mundo e nun tempo que xa non existen. Lembro ben o lugar e o día en que se fixo esta foto, malia os moitos anos transcorridos. Porque aquela foi unha tarde inesquecible, a primeira vez que me roubaron o corazón.

NAQUEL TEMPO eu acababa de facer dez anos e devecía porque o meu pai me levase coa orquestra cando ían tocar a algunha das vilas próximas. Durante os meses do inverno apenas había actuacións, e os músicos aproveitaban para ensaiaren novos temas no baixo dunha casa situada na parte vella da cidade. Era en maio cando se iniciaba a temporada de festas e de bailes, e con ela as continuas saídas da orquestra, que non cesaban ata ben entrado outubro. Papá levaba conta dos días de actuación sinalándoos cun círculo no calendario que tiñamos pendurado na cociña. A carón de cada círculo, escribía o nome do sitio onde tocarían; nomes que, a forza de velos repetidos, acabaron por se me facer familiares.

Mamá e mais eu ficabamos sós a maior parte dos domingos do verán. Papá marchaba máis ou menos cedo, segundo o afastado do lugar da actuación. Eu sempre o despedía con pena, mitigada un algo pola certeza de que ao outro día, cando espertase, atoparía na mesa da cociña un pirulí vermello, ou unha presada de caramelos, ou unhas roscas pallaregas, ou un diminuto coche de metal... Aqueles agasallos sinxelos eran a confirmación de que papá seguía a lembrarme cada un dos días que pasaba fóra.

O ÚLTIMO DOMINGO de xuño había festa en Vilarelle, e a orquestra estaba contratada para actuar desde había meses. Eu tería que pasar o día con mamá, como adoitaba. Mais un suceso imprevisto veu na miña axuda: a tía Ana púxose de parto –falo de tempos en que os nenos aínda nacían na casa– e mamá sentiuse na obriga de acompañar á súa irmá máis nova naquel transo. A

Contos por palabras foi considerado como un dos once títulos esenciais da LIX española do século XX por un panel de expertos durante o Primer Congreso de Lengua y Literatura para Niños y Jóvenes, celebrado en Santiago de Chile en 2010.

No ano 2011, foille outorgado en México o VII Premio Iberoamericano SM de la Literatura Infantil y Juvenil, en recoñecemento á súa traxectoria literaria. E a OEPLI acordou designalo como candidato español ao Premio Andersen 2012. En xaneiro do ano 2013, foi investido **Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo**. Os seus libros gozan do aprecio dos lectores, e moitos deles coñecen numerosas edicións. Algúns, como *Cartas de inverno*, *Trece anos de Branca* ou *As fadas verdes*, superaron a fronteira dos cen mil exemplares vendidos. A Agustín Fernández Paz gústalle reiterar, utilizando as palabras do escritor noruegués Jostein Gaarder, o seu empeño nunha loita explícita por acadar un estatus social digno para a literatura infantil e xuvenil. E ten como guía do seu labor as palabras que Álvaro Cunqueiro escribiu en 1963: «O propio dun escritor é contar claro, seguido e ben. Contar a totalidade humana, que el pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas miradas. E se hai algo que estea claro nesta dieta, é que o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños.»

min non me quería levar de ningún xeito: tiña unha ben gañada sona de inquieto e de argalleiro, e temía que fixese calquera falcatruada na casa da tía.

—O neno ben pode ir contigo —díxolle a papá, mentres almorzabamos os tres—. Total, comentaches que esta festa acababa cedo. Que traballo che custa?

O meu pai resistiuse. Supoño que tampouco lle agradaba responsabilizarse de min, un neno que non tiña paraxe. Alegou que eran moitas horas, que me había dar o sono, que lle tiña que atender á actuación, que me había aburrir só... Mais, entre que mamá se mantivo inflexible e que eu lle prometín mil veces obediencia absoluta, ao final aceptou levarme canda el.

Aquel inesperado golpe de fortuna encheume de alegría. Saín da casa da man de meu pai, mirando con fachenda os veciños que nos saudaban ao pasar. Fomos ata o local de ensaio, o lugar onde se reunían os da orquestra, e axudamos a cargar os instrumentos na *rubia* de Sebastián, o vehículo onde fariamos a viaxe. Todos os músicos me recibiron con alborozo, agás Carlos, o do saxofón, que xa me demostrara outras veces a escasa simpatía que lle producían os nenos. Ou que lle producía eu, que iso nunca cheguei a sabelo con certeza.

Durante a viaxe fun coñecendo os pormenores daquela saída. A orquestra tería que tocar dúas veces: ao mediodía, na sesión vermú, e á noite, coa promesa de que a actuación remataría antes da media noite. Levounos máis dunha hora chegar, un tempo que se me pasou nun suspiro, entretido cos chistes e contos que os músicos enfiaban como doas para aliviar a rutina do traxecto.

CHEGAMOS POR FIN a Vilarelle. O coche foi directo ao campo da festa e aparcou preto do palco onde actuarían os músicos, situado nun dos extremos do terreo. Rodeando o grande espazo central, que naquel momento se encontraba baleiro, había postos de caramelos e de roscas, e casetas de tiro, e dous bares ambulantes con mesas colocadas de arredor, e cubertos onde vendían xoguetes de plástico de cores rechamangueiras, e unha muller que vía o porvir nunha bóla de cristal... Por todas as partes aparecían penduradas filas de bandeiras de diferentes países do mundo, unha variedade de cores que abanaba o vento e daba gusto mirar.

Eu sentíame alegre e ansioso, devecía coas ganas de explorar todas aquelas marabillas. Primeiro axudei a subir ao palco os trebellos da orquestra, desde os atrás onde os músicos colocaban as partituras ata a banquetta onde sentaba Roque, o encargado da batería. En canto comezaron a afinar os instrumentos, o meu pai deume permiso para moverme polo campo da festa. Era magnífico ter tantas horas por diante para gozar das variadas tentacións que se me ofrecían.

Á unha en punto, a orquestra comezou a actuación. Fórase xuntando ben xente, e varias parellas deron en bailar polo espazo central. A esas alturas, eu xa mercara unha pelota de goma que imitaba a feitura dun balón de fútbol e tiña un peto cheo de caramelos de piñóns, os meus preferidos. Aló ían as moedas que me dera papá! Non coñecía ninguén entre tantas persoas como alí había, mais non deixei de fachendear subindo ao palco de cada pouco, para certificar a miña familiaridade coa orquestra e así deixar claro que eu era un neno de cidade.

CANDO ME ENCONTRABA no palco, ao pouco de comezar a música, unha persoa atraeu a miña atención. Creo que igual repararía nela desde abaixo, porque resultaba imposible ignorar tanta beleza. Tratábase dunha nena que había ser da miña idade e que tiña o rostro máis fermoso que nunca na vida vira. Levaba un vestido branco sen mangas que facía algo de voo e suxeitaba a melena, lisa e de cor castaña, cun diadema azul.

Acompañábana dúas mulleres que contemplaban a festa sentadas a unha das mesas do bar. Des que a vin, fixen o posible por chamar a súa atención, había nela algo que me atraía de xeito irresistible. Baixei do palco e pasei varias veces por diante da mesa, xoguei coa pelota para exhibir as miñas habilidades, merquei unha gasosa de limón aparentando indiferenza...

Non comprendía a orixe da nova e inesperada enerxía que me guiaba. As nenas, tanto as da escola coma as do barrio, parecíanme ata daquela persoas doutra raza diferente, seres cos que non pagaba a pena relacionarse. E, non obstante, alí estaba eu, devecendo por unha mirada daquela nena de cativadora beleza.

Conseguín que reparase en min, e mesmo que sorrise, dunha vez que esvarei na herba ao recoller a pelota e fiqui sentado no chan. Continuei a facer parvadas, feliz ao comprobar que ela me seguía coa mirada, sen importarme o que outra xente puidese pensar de min. En ningún momento logrei reunir os azos precisos para lle dirixir a palabra. Se cadra foi mellor así, sei que había quedar mudo coma un parvo ao me ver diante dela.

UN POUCO ANTES das tres, a orquestra tocou a derradeira canción da mañá. Meu pai fixo a broma de me chamar polo micrófono, «Luís Montenegro, preséntese urxentemente no palco», e eu, en vez de llo tomar a mal, sentínme orgulloso de que a nena puidese coñecer o meu nome dese xeito e, ao tempo, reparase na miña ligazón cos músicos da orquestra.

As persoas foron abandonando o campo, camiño dos fogares onde as agardaban os banquetes propios dun día de festa. Guiados por dous membros da Comisión, os músicos e mais eu andamos uns douscentos metros ata chegarmos a un espazo situado a carón dun río cativo, onde había un merendeiro con trazas de levar tempo abandonado. Alí souben que, no acordo

asinado coa orquestra, incluíase “ir a mantido”, expresión indicativa de que o xantar corría a cargo dos organizadores.

UN COCHE TRASLADARA ata o merendeiro as viandas e bebidas que dispuxeran para nós, distribuídas xa sobre unha mesa alongada, con bancos a ambos os lados. As dúas empanadas máis grandes que vira nunca, tortillas recedentes, xamón asado, unha fonte de friames, queixo curado, torta de mazá... E viño, cervexas e gasosas en abundancia. Dada a fame que traíamos, entenderase ben a festa que montaron o meu pai e os seus compañeiros. Entre risas e contos, todos comemos e bebemos a fartar.

Mentres os homes continuaban tomando cafés ou buscaban un lugar axeitado para botar unha soneca, eu achegueime ao río. Descalceime e metinme na auga por un lugar onde a canle remansaba e só me chegaba á metade da perna. Había peixes pequeniños, que me facían cóxegas ao exploraren os meus pés. Intentei coller algún coas mans, pero tratábase dun labor imposible. Era máis doado atrapar as libeliñas de brillantes cores metálicas que se pousaban nas plantas da beira. Cando as collía, axitaban nerviosas as ás de intenso azul escuro, á espera do momento en que por fin as liberase. Abraiábame descubrir a súa beleza, contemplábaas cunha mirada nova por primeira vez.

ASÍ FOI PASANDO a tarde, ata que chegou a hora de regresarmos ao campo da festa. Ás oito en punto, a orquestra comezou a segunda actuación. Eu sentei nas escaleiras do palco, sen saber ben que facer. Sentía o cansazo por vez primeira e temía non ser quen de aguantar de pé as horas que faltaban. Mais todo cambiou cando, entre a xente que acudía desde a vila, albisquei de novo a nena do vestido branco, acompañada das mesmas dúas mulleres de pola mañá.

Puxera por riba do vestido unha chaqueta curta, de la vermella, que intensificaba aínda máis a súa beleza. O meu cansazo desapareceu nun momento, sepultado por unha súbita excitación interna. Funa seguindo coa vista, co corazón agalloupando dun xeito descoñecido polo meu peito. Era coma se, de súpeto, toda a outra xente se tornase invisible aos meus ollos, para os que só existía aquela nena.

AS DÚAS MULLERES volveron sentar na mesma mesa da mañá. Vin como a nena lle dicía algo no oído á que debía ser a súa nai. A muller ergueu a vista en dirección ao palco, coma se buscase algo coa mirada. Logo a nena botou a andar, e a cada paso era máis evidente que se dirixía a onde eu estaba. Baixei a cabeza e saquei do peto uns cromos de futbolistas que mercara, precisaba ter algo en que fixar a atención e disimular así o meu nerviosismo.

—Queres bailar comigo? —A voz deliciosa soaba moi próxima e, de primeiras, coidei que obedecía a un delirio da miña imaxinación.

Alcei a cabeza. Alí estaba, a dous pasos de min, a nena do vestido branco. Como esquecer a intensa emoción que me asolagou? Tentado estiven de comprobar se había alguén detrás, parecíame imposible ser eu o destinatario da pregunta. Mais os seus ollos e o seu sorriso confirmáronmo con claridade.

ERGUÍN A VISTA e mirei para o meu pai. El seguía a tocar, mais decatárase do que me sucedía. Fíxome un aceno coa man, como dicindo “veña, vai bailar”. Entón eu erguinme e, tras pronunciar un tímido «claro que quero», que só debín oír eu, coloquime fronte a ela. A nena, sen dicir palabra, coma se seguise o rumbo dun camiño andado moitas veces, guioume para que a suxeitase e logo comezou a moverse ao ritmo da música. E eu seguina como puiden, malia non ter práctica ningunha naqueles mesteres, máis pendente de non pisarlle os zapatos que das evolucións do baile.

De me veren os meus compañeiros do colexio, riríanse de min ata cansar. Mais estaban lonxe, por fortuna, e eu seguía bailando con aquela nena que me ollaba cunha mirada viva e curiosa, mentres sorría ante o meu azoramento. Suábanme as mans e atormentábame que as palabras se negasen a saír da miña boca, mais nada importaba ante a fascinación que me provocaba a súa proximidade.

—Como te chamas? —preguntoume.

—Chámome Luís —conseguín responder, cun fío de voz.

—Es o fillo do trompetista, non si?

—Son. É o meu pai, tamén el se chama Luís —había un punto de orgullo na miña voz.

—Parecédesvos algo, sabes? —Ante a miña expresión de sorpresa, sorriu dun xeito cómplice e engadiu—: Claro que ti non tes nin bigote nin lentes, coma o teu pai.

Cando xa me sentía máis confiado, decidido a lle preguntar o seu nome, a música cesou e os meus azos esvaecéronse canda ela. Fiquei diante da nena, aparvado, sen saber que dicir nin que facer.

—Eu chámome Branca e vivo en Vilarelle —por sorte, foi ela quen tomou a iniciativa—. Aquela que está sentada no bar é a miña nai, e a do lado, a miña tía Rosa.

A orquestra iniciou outra melodía e, aínda non me explico como, conseguín reunir as forzas necesarias para lle falar:

—Queres que bailemos tamén esta canción?

ASÍ FOI COMO empezou aquela noite inesquecible. Branca e mais eu bailamos outra, e outra, e outra, e outra máis. Desde o palco, meu pai ollábame cun sorriso. E Melchor, o vocalista, dedicou unha das cancións “á mellor parella do baile”, ao tempo que me chiscaba un ollo con aire cómplice.

Tras bailarmos durante un tempo, decidimos dar unha volta polas tendas que beiraban o campo da festa. Despois de percorrermos todos os postos, acabamos diante do home que facía as nubes de azucre. Parecía un milagre! Aqueles poucos grans que o home botaba no recipiente, ao xiraren veloces, desfaciáanse en finos fíos brancos, estrañas arañeiras que se enredaban na variña ata formar a delicada nube de algodón.

Merquei dúas e ofrecínlle unha delas a Branca. Para saborealas tranquilos, fomos sentar a un valado de pedras que rodeaba unha parte do campo.

—Váiseche manchar o vestido —díxenlle.

—Tanto ten. Total, despois da festa xa hai que lavallo.

—É moi bonito. E quédache moi ben.

—Mercoumo miña tía en París, xa leva aló tres anos. Foi o seu agasallo de aniversario.

Mentres as nubes ían diminuindo de tamaño, enredámonos coa conversa. Falamos das nosas familias, do colexio, das afeccións de cada un... Aos dous nos gustaban os *tebeos* e os libros, sobre todo os de aventuras, e compartiamos a predilección polas historias do *Tío Vivo* e as novelas de Xulio Verne.

AO REMATARMOS as nubes, coa boca e as mans pegañentas, Branca levoume a un lugar por tras do palco, afastado do boureo da festa, onde había unha fonte que botaba auga por un cano metálico. Lavamos as mans os dous xuntos, entre risas. E logo, antes de limpar a boca, Branca achegouse a min e deume un bico na meixela. Sentín os seus labios, cálidos e pegañentos, que se demoraron uns instantes na miña pel, e quizais foron os que me deron a forza para lle responder do mesmo xeito. E logo, como obedecendo a un vello rito, os dous xuntamos os nosos labios azucrados, indiferentes á auga que nos salpicaba as pernas e os zapatos.

Volvémonos mergullar entre as parellas, aínda nos deu tempo a bailar algunhas cancións máis. Superada a timidez, eu falaba con entusiasmo de calquera ocorrencia que me viñese á cabeza. Podo asegurar que aquela noite despreguei ante Branca todas as miñas artes de encantamento. Como non facelo, aínda que fose só por escoitar a súa risa?

CANDO MÁIS ALEGRE me sentía, Branca ollou en dirección á súa nai, que lle facía acenos para que se achegase. Marchou onda ela e volveu un pouco despois.

—Xa van dar as once. Mamá di que é moita hora de marcharmos.

—Daquela non te vou ver máis?

—Non creo. Eu son de aquí, e ti vives na cidade. Ha ser difícil que cadremos outra vez.

Debín poñer unha expresión patética, porque Branca sorriume e engadiu:
—Se queres, pódeme escribir. Agarda, que che dou o meu enderezo.

Volveu onda a nai e regresou decontado, cun papel onde escribira o seu nome completo e mais o enderezo postal. “Branca Salgueiro Rei”, lin ansioso, sen sospeitar que xa nunca na vida esquecería aquelas tres palabras.

Despedímonos con dous bicos tímidos, coma se nos acabasen de presentar. Logo ela correu xunto da nai, e eu subín ao palco para podela seguir coa vista. Desde alí arriba, contemplei como as tres rodeaban o campo da festa e embocaban o camiño que baixaba ata a estrada. Nun momento, Branca volveuse e axitou o brazo en sinal de adeus. Eu fixen o mesmo e así quedei, aparvado, movendo o brazo ata que o seu vestido branco desapareceu da miña vista.

CORRÍN ATA A FONTE onde nos bicaramos, dominado por un súbito desexo de estar só. E logo continuei por un carreiro adiante, ata me afastar das luces da festa.

Alí, mergullado nas sombras, foi cando alcei a vista e reparei no ceo inmenso ateigado de estrelas. Tombeime na herba sen me preocupar do frío e da humidade, e deixei engaiolar polo marabilloso firmamento que me cubría e polo brillo palpitante das estrelas. Non sei canto tempo estiven así, percorrendo cos ollos as constelacións mentres a imaxe de Branca ocupaba por enteiro o meu pensamento.


Como non reparara antes naquela inmensidade prodixiosa? Ou acaso as estrelas permaneceran apagadas ata esa noite, agardando a que Branca aparecese na miña vida para brillaren de tal xeito?

Se cadra ao que asistía daquela era á infancia das estrelas, a ese momento máxico que se produce cada vez que alguén repara por vez primeira na súa misteriosa beleza. Un instante extraordinario, imposible de esquecer por moitos anos que pasen.

QUIZAIS SEXA ESA a razón de que Branca permaneza tamén nos meus recordos, tantos anos despois. Nunca respondeu a ningunha das catro cartas que lle enviei, nin sequera souben se as chegou a recibir algunha vez. A súa imaxe perdura dentro de min, asociada para sempre ás estrelas que tanto me emociona contemplar. Gústame crer que nacen e brillan dun xeito especial cada vez que alguén descobre o amor por vez primeira.

Así sucedeu aquela noite distante en que tiven a Branca entre os meus brazos, arrolados os dous polas melodías da orquestra, unha música que segue a soar no meu interior. O meu pai e os seus compañeiros xa hai anos que abandonaron este mundo, mais todos vivirán mentres eu os lembre, pois a memoria é poderosa e posúe a virtude de vencer as artimañas da morte.

As cancións da orquestra Mato, a imaxe alegre de papá tocando na trompeta, a nena máis linda do mundo entre os meus brazos, os bicos con sabor a azucre, as estrelas brillando intensas para nós os dous... Canto agasallo da memoria! Foi unha tarde inesquecible, si: a da primeira vez que unha nena me roubou o corazón.



PARA AGUSTÍN, POR TODAS AS LEMBRANZAS COMPARTIDAS.

CUANDO NACEN LAS ESTRELLAS

Agustín Fernández Paz¹

Escritor

MI PADRE tocaba la trompeta en la orquesta Mato, que algunos años después cambio de nombre y pasó a llamarse Novos Aires. Aquí está en la fotografía, al lado de los otros seis músicos del grupo, enfrentándose con valentía a la mirada de la cámara, dispuestos a actuar como si en la vida no hubiese nada más importante.

¹ El autor (Villalba, 1947) es uno de los escritores más conocidos y valorados en el ámbito de la literatura infantil y juvenil, en Galicia y en el conjunto de España. Es autor de más de cuarenta y cinco títulos dirigidos preferentemente a lectores infantiles o juveniles. Sus libros, escritos en gallego, se traducen habitualmente a las otras lenguas españolas: castellano, catalán y eusquera. También tiene diversos títulos traducidos al portugués, coreano, francés, árabe e italiano.

Además de perito industrial mecánico, Agustín Fernández Paz es maestro y licenciado en Ciencias de la Educación. Trabajó como docente durante más de treinta años, en los distintos niveles de la enseñanza primaria y secundaria. Además de esta dedicación a la docencia, desarrolló una amplia actividad teórica y divulgativa, centrada en temas como la promoción de la lectura, la introducción de los medios de comunicación en el aula, la didáctica de la lengua o la normalización de la lengua gallega en los ámbitos escolar y social. También tuvo un papel relevante en la elaboración de materiales didácticos de lengua y literatura (uno de los textos en los que participo, *Canles 5*, obtuvo el Premio Nacional "Emilia Pardo Bazán" para libros de texto no sexistas).

